

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE RIBEIRA CURSO 2026-2027

PRIMEIRA. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e concertados, de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Ribeira, para o curso 2026-2027.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións de comedor é apoiar as unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custe do servizo, preciso para conciliar a vida laboral e familiar.

SEGUNDA. Programas subvencionables

Os programas subvencionables serán:

1. Axudas para a adquisición de **libros e material escolar** (EXCLUSIVAMENTE NO COMERCIO LOCAL) para **educación infantil segundo ciclo** No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada centro educativo e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material funxible, mochila, uniforme, etc.).


2. Axudas para adquisición de **Material informático** (Exclusivamente no comercio local: ordenador, impresora, altofalantes, micrófono, cámara web, lapis memoria) para **educación secundaria**.

3. Axudas para **comedores escolares** (de setembro a xuño, ambos os dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de **educación infantil segundo ciclo, educación primaria e educación secundaria obrigatoria**.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA. Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas dependencias de Servizos Sociais, na páxina web do Concello de Ribeira www.ribeira.gal e no BOP da Coruña. Anunciarase igualmente no BOP o prazo de presentación de solicitudes.



FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE ::
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA	27/05/2026	2026CONV000010
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13		Fecha: 27/05/2026
		Hora: 00:00
		Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001BBD5300Z209P1H2I2M6



O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contando desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17. 3.b.), 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións–BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello, nas dependencias de Servizos Sociais e na páxina web www.ribeira.gal.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse na web do Concello www.ribeira.gal, no taboleiro oficial de anuncios e nas dependencias da área de Servizos Sociais, con expresión do nº de Rexistro de Entrada Municipal, expediente de servizos sociais, colexio, finalidade da subvención (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada –motivo– ou lista de agarda).

CUARTA. Crédito Orzamentario

O crédito previsto para o outorgamento destas subvención recóllese nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida orzamentaria: 231A-48025, cun importe total de 64.000 euros, dos cales:

- 4.000 euros destinados á adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil segundo ciclo.
- 3.000 euros destinados á adquisición de material informático para Educación Secundaria.
- 57.000 euros destinados a comedores escolares, para Educación infantil segundo ciclo, Primaria e Sencundaria.

A contía destinada a comedores escolares distribuirase entre as anualidades da seguinte forma:

- 19.090,91 euros correspondentes á anualidade 2026.
- 37.909,09 euros correspondentes á anualidade 2027.

QUINTA. Compatibilidade e tratamento fiscal

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados.

SEXTA. Requisitos para adquirir a condición de beneficiario/a

O alumnado para acceder á condición de beneficiario, deberá reunir, na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes, e manter durante toda a actividade subvencionada, os seguintes requisitos;

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Ribeira (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Servizos Sociais).
- Convivir cos/coas alumnos/as para quen se solicitan as axudas.



c) Que os/as alumnos/as para quen se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou concertados do concello de Ribeira, en segunda etapa de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

d) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.

e) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Ribeira.

f) Non superar os 8.000,00 euros anuais de ingresos per cápita, no exercicio económico 2024, salvo no caso de menores en réxime de acollemento familiar ou que estean tutelados por unha institución pública.

g) Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.

h) Non resolver de maneira culpable ningún contrato realizado coa administración.

i) Non incurrir en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei xeral de subvencións).

j) Non ter trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.

k) Non ter sanción mediante resolución firme que implique a perda de posibilidade de obter subvencións.

l) Calquera outro establecido na normativa sectorial de aplicación.

SÉTIMA. Solicitude e documentación

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante representante da unidade de convivencia familiar.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante representante da unidade de convivencia familiar e do resto dos membros.

7.2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.

7.3. Para acreditar a condición de familia numerosa, deberá presentar a fotocopia do título de familia numerosa en vigor emitido pola administración competente.

7.4. Declaración de IRPF do ano 2025 de todos os membros da unidade familiar ou en caso de non presentala, certificado de rendas expedido pola AEAT. Declaración do imposto de sociedades, e calquera documentación acreditativa que xustifique os ingresos da unidade de convivencia.



7.5. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ao ano 2025 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA, Ingreso Mínimo Vital ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia.

7.6. No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarse o documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante representante da unidade de convivencia familiar aos efectos de percibir a axuda.

7.7. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- * Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- * Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- * Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

7.8. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do "Centro de Información á Muller".

7.9. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.10. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento familiar.


7.11. No caso de monoparentalidade, acreditar esta situación presentando certificado expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente en cada caso.

7.12. Respecto das axudas de comedor escolar, no caso de educación combinada, deberá presentarse copia da resolución da autoridade educativa que especifique o réxime de asistencia a cada centro docente.

7.13. No caso de persoas beneficiarias que se atopen en situación de acollemento familiar ou menores tutelados por unha institución pública será necesario presentar para acreditar esta circunstancia unha copia da resolución administrativa ou xudicial.

7.14. No caso de axudas de comedor escolar, para acreditar a incompatibilidade horaria de ambos os proxenitores ou do proxenitor custodio será necesario presentar:

CSV: 07EA001BBD5300Z209P1H2I2M6



FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE ::
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA 27/05/2026		2026CONV000010
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13		Fecha: 27/05/2026
		Hora: 00:00
		Und. reg: REGISTRO GENERAL



- No caso de traballadores/as por conta allea un xustificante emitido pola empresa contratante indicando o horario de traballo, o xustificante deberá ter data da anualidade de 2026.
- No caso de traballadores/as por conta propia unha declaración xurada emitida polo/os proxenitores na que figure o seu horario de traballo e a correspondente incompatibilidade coa entrega e recollida dos/as menores do centro escolar para comer.

7.15. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida pola área de Servizos Sociais para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA. Presentación de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

NOVENA. Comisión de valoración e instrución do procedemento

A instrución do procedemento corresponderalle á Concellaría de Servizos Sociais. No seo desta concellaría constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: o/a concelleiro/a delegado/a da área correspondente, ou persoa en quen delegue.
- Secretario/a: un traballador/a empregado municipal, designado polo/a concelleiro/a delegado/a do negociado de Intervención
- Vogais: dous traballadores/as empregados municipais, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Nas comisións actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello. Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía resolverase a designación do persoal proposto pola Concellaría de Servizos Sociais:

- O/a traballador/a municipal e vogal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

A comisión analizará as solicitudes presentadas dentro do prazo dous mes, determinando cales reúnen as condicións para se converter en beneficiarios. A este efecto o servizo correspondente emitirá con carácter previo un informe ao respecto, que será incorporado ao expediente. A comisión poderá realizar de oficio as actuacións que estime necesarias



para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polo beneficiario, en virtude dos cales formulará a proposta de concesión de subvención.

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, procederase á notificación a través da páxina web do Concello (www.ribeira.gal) e/ou no taboeiro de anuncios, publicándose o número de Rexistro de Entrada de cada solicitude das solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan emendar as deficiencias no prazo de 10 días naturais.

DÉCIMA. Criterios para a valoración das solicitudes

10.1. Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta o membro da unidade familiar no que concorra esta circunstancia.

10.2- A concesión/denegación das axudas virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques;

A.- Situación económica da unidade familiar de convivencia

B.- Incompatibilidade horaria.

C.- Situación sociofamiliar.

D.- Situación de discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

A. Situación económica da unidade familiar de convivencia

A.1. As persoas beneficiarias que se encontren en situación de acollemento familiar e tutela por unha Institución pública, acadarán directamente os puntos necesarios para recibir a beca de maior contía no comedor escolar.

A.2. As persoas beneficiarias que se encontren en situación de violencia de xénero acreditadas segundo o punto 7.8 destas bases, acadarán directamente os puntos necesarios para recibir a beca de maior contía no comedor escolar.



A.3. No resto dos casos procederase a calcular a renda per cápita da unidade familiar que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que teñan a súa tutela, entre o número de membros desta unidade familiar.

Ademais deberán terse en conta as seguintes circunstancias;

-No caso de que a custodia da persoa beneficiaria (alumno/a) sexa exercida por ambos os proxenitores serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose os dous como membros da unidade familiar de convivencia.

-No caso de que a custodia da persoa solicitante sexa exercida ou estea atribuída a un/unha único/a proxenitor/a, serán obxecto de valoración os ingresos do/a proxenitor/a que ten a custodia, xunto coas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.

-En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambos os proxenitores salvo que se teña presentado por quen figura como representante legal do/a menor na solicitude desta axuda, demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais.

Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

a) A declaración do imposto sobre a Renda das Persoas físicas do exercicio 2025 (Modelo D-100 do IRPF) Para estes efectos sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro do exercicio 2025. A declaración do imposto de Sociedades ou calquera outra pola que se obteñan ingresos.

b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación a rendas do ano 2025. Para estes efectos sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais, suxeitas a retención, ao que se restarán os gastos deducibles do traballo neste período.

c) As pensións de alimentos establecidas nas sentenzas de separación ou convenios reguladores aprobados xudicialmente. Estas non computarán no caso de falta de pagamento sempre que fose solicitada a execución do título xudicial.

d) Excepcionalmente no caso de imposibilidade para a obtención dos datos sobre ingresos do exercicio 2025 teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada presentada, da vida laboral e do resto de documentación presentada de conformidade co previsto nas bases desta convocatoria.

Unha vez fixada a RPC (renda per cápita familiar), **aplicarase o seguinte baremo;**

RPC	PUNTUACIÓN
CIRCUNSTANCIAS DO APARTADO A.1	
DESDE 0,00€ ATA 4.000,99€	11 puntos
DESDE 4.001,00 € ATA 5.000,99€	10 puntos
DESDE 5.001,00 € ATA 6.000,99€	9 puntos
DESDE 6.001,00 € ATA 7.000,99 €	8 puntos
DESDE 7.001,00 € ATA 7.999,99 €	7 Puntos
8.000,00 € ou máis	0 puntos



B.-Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras

INCOMPATIBILIDADE HORARIA	PUNTUACIÓN
INCOMPATIBILIDADE HORARIA DAS PERSOAS PROXENITORAS QUE TEÑAN ATRIBUÍDA A CUSTODIA OU TITORES	1 puntos

C.-Situación socio-familiar

SITUACIÓN SOCIAL-FAMILIAR	PUNTUACIÓN
MONOPARENTALIDADE	1 punto
FAMILIAS NUMEROSAS	1 punto

D.-Discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que teñen a custodia.

SITUACIÓN DE DISCAPACIDADE	PUNTUACIÓN
DISCAPACIDADE DA PERSOA SOLICITANTE	1 punto
DISCAPACIDADE DALGUNHA DAS PERSOAS QUE TEÑAN A CUSTODIA (un punto máximo)	1 Punto

10.3. A puntuación mínima total esixida para a concesión da axuda será de 10 puntos.

10.4. A valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen. O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

DÉCIMO PRIMEIRA. Tramitación e resolución das axudas

11.1. Resultado da instrución do procedemento e analizadas as posibles emendas presentadas polos solicitantes que viran rexeitadas as súas solicitudes, xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, elevarase proposta á Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

11.2. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda per cápita anual da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de Rexistro de Entrada de cada solicitude, expediente en Servizos Sociais, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total destas non pode superar o crédito consignado.



- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non acadar a mínima puntuación esixida para ser valorada
- Non achegan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as neste Concello.
- Superar o límite de ingresos establecido.
- O centro non conta co servizo de comedor.
- O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Ribeira.
- Libros: o curso que se solicita non é subvencionado neste programa.

- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e informático (ata o 1 de decembro), comedor (durante todo o curso) que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

11.3. A notificación realizarase de forma colectiva, mediante unha lista ao efecto na páxina web do Concello (www.ribeira.gal) ou no taboeiro de anuncios, publicándose o número de Rexistro de Entrada de cada solicitude e o importe que vai recibir, aos efectos do cumprimento coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais.

As persoas solicitantes poderán comprobar a través desta publicación se resultan beneficiarios/as da axuda, para isto disporán do número de Rexistro de Entrada no xustificante que lles proporcione a Oficina de Atención Cidadá ou Servizos sociais no momento da solicitude no caso de facelo de maneira presencial ou na Sede Electrónica, no caso de facelo de maneira dixital. Na mesma publicación figurará prazo de presentación de alegacións.

11.4. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

A Xunta de Goberno Local resolverá a inclusión dos/as alumnos/as na lista de agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración

DÉCIMO SEGUNDA. Contía, pagamento das axudas e xustificación

- Contía para libros e material escolar (EXCLUSIVAMENTE NO COMERCIO LOCAL):

Educación Infantil..... 75,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa representante da unidade de convivencia familiar e solicitante da axuda, cuxo prazo máximo de xustificación é o 15 de decembro de 2026.



As facturas deberán ser expedidas a nome do/a representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito da persoa beneficiaria, ao/a profesional da área de Servizos Sociais, que disporá o pagamento da contía que se subvenciona directamente ao establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais ou nais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai, titor/a (representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

- Contía para material informático (ordenador) (EXCLUSIVAMENTE NO COMERCIO LOCAL):

Destinado a Educación Secundaria, a contía máxima será do 75% do importe da factura presentada, sen que en ningún caso esta exceda dos 300 € e ata esgotar crédito orzamentario.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa representante da unidade de convivencia familiar e solicitante da axuda, cuxo prazo máximo de xustificación é o 15 de decembro de 2026.

Que deberán aportar a factura da compra do dispositivo na que figure expedida a nome do/a representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda.

- Contía por comedor:

A axuda municipal máxima de comedor, por día lectivo e alumno/a, será como máximo de cinco euros (5 €) por cada día lectivo, de acordo co calendario escolar que se publique no BOP correspondente para o curso 2026/27 dos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada pola persoa representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda.

PUTUACIÓN	CONTÍA QUE SE VAI CONCEDER
DE 10 A 12	3 €/DIA
DE 13 A 15	4€/DIA
DE 16 En diante	5€/ DIA



- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagaranse aos centros ou entidades en quen deleguen, que actuarán como entidades colaboradoras en materia de xestión e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros ou entidades en quen deleguen, asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas, os traslados e as non asistencias dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Servizos Sociais.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia, logo de presentar a correspondente factura mensual emitida polo centro ou entidade en quen deleguen. As facturas cumprarán cos requisitos establecidos no RD 1619/2012.

As direccións dos centros educativos, designarán 1 responsable de verificar a asistencia diaria ao comedor de todos o alumnado que se beneficie das axudas de comedor, así como de comunicar posibles baixas e/ou traslados de alumnos/as beneficiarios/as da subvención do comedor.

A persoa responsable do centro, deberá enviar parte de asistencia mensual de cada alumno/a beneficiario/a da axuda de comedor á área de Servizos Sociais, co obxecto de cotexar a asistencia diaria do alumno/a beneficiario/a coa relación nominativa de alumnos/as que figuran na factura mensual que se presentará ao cobro no Concello de Ribeira.

A área de Servizos Sociais enviará o primeiro día lectivo de cada mes a través do correo electrónico do centro educativo designado ao efecto, a lista actualizada dos/as alumnos/as subvencionados/as de comedor, para que sexa efectuado o labor de control de asistencia ao comedor por parte do responsable designado ao efecto.

Os traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos ao longo do curso dentro do municipio non supoñen a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado o traslado á área de Servizos Sociais para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será o responsable da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda quen se faga cargo do pagamento do comedor ata o remate do mes.

As novas altas, polos motivos que consten nos respectivos expedientes, serán comunicadas pola área de Servizos Sociais a través do correo electrónico designado ao efecto polo centro educativo.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001BBD5300Z2O9P1H2I2M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
27/05/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13

EXPEDIENTE ::
2026CONV000010
Fecha: 27/05/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001BBD5300Z2O9P1H2I2M6



DÉCIMO TERCEIRA. Obrigas das persoas beneficiarias

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

Son obrigas das persoas solicitantes/beneficiarias de **material escolar e informático**, presentar a factura correspondente no prazo indicado na publicación das listaxes de concesión e utilizar a axuda concedida para o obxecto da subvención.

Son obrigas das persoas beneficiarias da bolsa de **comedor escolar**, as seguintes:

a) Asistir ao comedor durante o período lectivo completo, de luns a venres, desde a data da concesión da axuda e durante todo o período subvencionado.

Con todo a asistencia nos meses de setembro e xuño terá carácter voluntario.

b) No caso de alumnado de centros de educación especial con autorización de escolarización combinada, deberá asistir ao comedor escolar de conformidade coa resolución da autoridade educativa.

c) Asistencia regular ao centro educativo.

d) O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

e) O pagamento, por parte do pai, nai ou titor (representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda), a diferenza existente entre a axuda concedida e o prezo do servizo de comedor escolar fixado pola entidade xestora.

f) Comunicar a renuncia á axuda mediante escrito presentado no Rexistro municipal.

g) Solicitar por escrito presentado no Rexistro municipal a suspensión temporal do servizo por motivos médicos ou outras circunstancias debidamente acreditadas.

h) Comunicar aos servizos municipais a falta de asistencia ao comedor escolar que pida provocar a baixa definitiva no servizo ou goce da axuda.

i) Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, ente público nacional ou internacional, ou de entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.

j) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os órganos de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

k) Calquera outra establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006.

Cando se presente a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base imponible xeral (435) mais a base imponible do aforro (460).

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ao abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (Lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.



DÉCIMO CUARTA. Reclamacións

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes desde a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes desde a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO QUINTA. Compromiso das entidades colaboradoras

Os centros educativos ou entidades en que deleguen, adquirirán o compromiso de velar polo cumprimento do establecido nestas bases, a prol do bo funcionamento do servizo de comedor así como a verificación da asistencia dos/as alumnos/as beneficiarios ao servizo de comedor.

DÉCIMO SEXTA. Revogación e réxime sancionador

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ao fin para a que foi concedida.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA. Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (art. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (art. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Ribeira, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ribeira, na data da sinatura dixital.



ANEXOS

PROCEDIMENTO 10145

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR ESCOLAR PARA O ALUMNADO DO CONCELLO DE RIBEIRA. CURSO 2026/27

DATOS DO REPRESENTANTE DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR

Apelidos e Nome;	NIF;
Correo electrónico;	TFNO;
Domicilio:	C.Postal:
Marque cun X, o que vostede solicita	
LIBROS E MATERIAL ESCOLAR (educacion infantil segundo ciclo)	
MATERIAL INFORMATICO (educacion secundaria)	
COMEDOR ESCOLAR (educación infantil 2º ciclo, E.Primaria, E. Secundaria)	

RELACIÓN DE ALUMNOS/AS PARA OS/AS QUE SE SOLICITA A AXUDA		
APELIDOS E NOME	COLEXIO	CURSO

DECLARACIÓN RESPONSABLE, RESPECTO DO/A SOLICITANTE E PERSOA BENEFICIARIA DAS AXUDAS.

- Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- Non resolver de maneira culpable ningún contrato realizado coa administración.
- Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei Xeral de Subvencións).
- Non ter trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.
- Non ter sanción mediante resolución firme que implique a perda de posibilidade de obter subvencións.
- Non ter débedas con ningunha das Administracións públicas existentes, nin co concello de Ribeira.
- Calquera outro establecido na normativa sectorial de aplicación.

Asina en Ribeira a día _____ de _____ de 2026

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE RIBEIRA



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001BBD5300Z2O9P1H2I2M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
27/05/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13

EXPEDIENTE ::
2026CONV000010
Fecha: 27/05/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001BBD5300Z2O9P1H2I2M6



BASE OITAVA.-

A concesión/denegación das axudas virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques;

- A.- Situación económica da unidade familiar de convivencia
- B.- Incompatibilidade horaria.
- C.- Situación sociofamiliar.
- D.-Situación de discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

A puntuación mínima total esixida para a concesión da axuda será de 10 puntos, segundo o establecido nas bases de convocatoria.

Unha vez fixada a RPC (renda per cápita familiar), aplicarase o seguinte baremo;

RPC	PUNTUACIÓN
CIRCUNSTANCIAS DO APARTADO A.1	
DESDE 0,00€ ATA 4.000,99€	11 puntos
DESDE 4.001,00 € ATA 5.000,99€	10 puntos
DESDE 5.001,00 € ATA 6.000,99€	9 puntos
DESDE 6.001,00 € ATA 7.000,99 €	8 puntos
DESDE 7.001,00 € ATA 7.999,99 €	7 Puntos
8.000,00 € Ou Máis	0 puntos

B.-Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras

INCOMPATIBILIDADE HORARIA	PUNTUACIÓN
INCOMPATIBILIDADE HORARIA DAS PERSOAS PROXENITORAS QUE TEÑAN ATRIBUÍDA A CUSTODIA OU TITORES	1 puntos

C.-Situación socio-familiar

SITUACIÓN SOCIAL-FAMILIAR	PUNTUACIÓN
MONOPARENTALIDADE	1 punto
FAMILIAS NUMEROSAS	1 punto

D.-Discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

SITUACIÓN DE DISCAPACIDADE	PUNTUACIÓN
DISCAPACIDADE DA PERSOA SOLICITANTE	1 punto
DISCAPACIDADE DALGUNHA DAS PERSOAS QUE OSTENTE A CUSTODIA (un punto máximo)	1 Punto



Consonte o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Ribeira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con este modelo. En calquera momento poderá exercer os deeiros de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicandoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR XUNTO COA SÚA SOLICITUDE SEGUNDO OS CRITERIOS ESTABLECIDOS NO PUNTO OITAVO DAS BASES.

.-Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante representante da unidade de convivencia familiar e do resto dos membros.

.-Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.

Para acreditar a condición de familia numerosa, deberá presentar a fotocopia do título de familia Numerosa en vigor emitido pola administración competente.

.-Declaración de IRPF do ano 2025 de todos os membros da unidade familiar ou en caso de non presentala, certificado de rendas expedido pola AEAT. Declaración do imposto de sociedades, e calquera documentación acreditativa que xustifique os ingresos da unidade de convivencia.

.-De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2025 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA, Ingreso Mínimo Vital ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia.

.-No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante representante da unidade de convivencia familiar aos efectos de percibir a axuda .

.-No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- * Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- * Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- * Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE ::
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA		2026CONV000010
27/05/2026		Fecha: 27/05/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13		Hora: 00:00
		Und. reg: REGISTRO GENERAL



.-No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

.-Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro de Información á Muller”.

.-No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

.-De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento familiar.

.-No caso de monoparentalidade, acreditar esta situación presentando certificado expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente en cada caso.

.-Respecto das axudas de comedor escolar, no caso de educación combinada, deberá presentarse copia da resolución da autoridade educativa que especifique o réxime de asistencia a cada centro docente.

.-No caso de persoas beneficiarias que se atopen en situación de acollemento familiar de menores tutelados por unha institución pública será necesario presentar para acreditar esta circunstancia unha copia da resolución administrativa ou xudicial.

.-No caso de axudas de comedor escolar, para acreditar a incompatibilidade horaria de ambos proxenitores ou do proxenitor custodio será necesario presentar;

- No caso de traballadores/as por conta allea un xustificante emitido pola empresa contratante indicando o horario de traballo, o xustificante deberá ter data da anualidade de 2024.
- No caso de traballadores/as por conta propia unha declaración xurada emitida polo/os proxenitores na que figure o seu horario de traballo e a correspondente incompatibilidade coa entrega e recollida dos/as menores do centro escolar para comer.

.-Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida pola área de Servizos Sociais para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001BBD5300Z2O9P1H2I2M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
27/05/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13

EXPEDIENTE ::
2026CONV000010
Fecha: 27/05/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001BBD5300Z2O9P1H2I2M6



PROCEDIMENTO 10145

ANEXO II

MODELO DE ADHESION COMA ENTIDADE COLABORADORA EN MATERIA DE XESTION DE COMEDORES ESCOLARES PARA ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA DE AXUDAS DE COMEDOR ESCOLAR DO CONCELLO DE RIBEIRA.	
DATOS DO CENTRO ESCOLAR E DO SEU REPRESENTANTE (DIRECTORA/OR)	
CENTRO ESCOLAR:	
APELIDOS E NOME REPRESENTANTE;	NIF;
CORREO ELECTRONICO	Tfno:
DOMICILIO;	C.P.
DATOS DO SERVIZO DE COMEDOR (marque cun X)	
Prestación do servizo de comedor polo propio centro	<input type="checkbox"/>
Prestación do servizo de comedor por empresa externa	<input type="checkbox"/>
DATOS DA EMPRESA EXTERNA	
RAZÓN SOCIAL;	
CIF;	
DATOS ECONÓMICOS DO SERVIZO DE COMEDOR	
Prezo do custe por día lectivo do servizo de comedor con ive incluído (tanto para servizo prestado polo propio do centro escolar, como de servizo prestado por empresa externa)	Prezo-custe
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DESIGNADA POLA DIRECCIÓN DO CENTRO	
APELIDOS E NOME;	NIF;
CORREO ELECTRONICO	Tfno


Os/as asinantes do presente formulario, adquiren o compromiso de velar polo cumprimento do establecido nas bases de convocatoria das axudas de comedor escolar, en aras do bo funcionamento do servizo de comedor, así como a verificación da asistencia dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó servizo de comedor.

Ribeira a _____ de _____ de 2026

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE RIBEIRA

Consonte o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Ribeira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con este modelo. En calquera momento poderá exercer os deitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicandoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

CSV: 07EA001BBD5300Z209P1H2I2M6



FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE ::
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA 27/05/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 27/05/2026 12:00:13	2026CONV000010 Fecha: 27/05/2026 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

